

Resolución do 8 de maio de 2024, do tribunal designado pola Resolución do 3 de abril de 2024 (DOG núm. 70, do 10 de abril) para cualificar o proceso selectivo unitario para a provisión, mediante contrato laboral temporal, de postos de auxiliares de policía local, convocado pola Orde do 12 de marzo de 2024, **pola que se publican as cualificacións definitivas do primeiro e segundo exercicios deste proceso** e se convoca **á realización do terceiro exercicio correspondente as probas de aptitude física.**

Rematado o período de alegacións as cualificacións publicadas en data 3 de maio de 2024

- Examinadas e contestadas as recibidas de xeito individual a cada recorrente e revisando de oficio todas as cualificacións publicadas xunto cos DNIs dos/as interesados/as
- Xunto coa organización do terceiro exercicio deste proceso selectivo

Nas sesións que tiveron lugar os días 4, 6, 7 e 8 de maio de 2024, este tribunal:

ACORDA:

1. Publicar como Anexo I a esta resolución a listaxe de cualificacións definitivas do exercicio primeiro (proba de coñecementos).
2. Publicar como Anexo II a esta resolución listaxe de cualificacións definitivas do segundo exercicio (proba de coñecementos da lingua galega).
3. Convocar a todas as persoas que superaron o primeiro e segundo exercicio deste proceso á realización do terceiro exercicio, segundo as normas que a continuación se indican:
 - Data: 11 de maio de 2024
 - Horario: Tarde (das 15:00 horas ata as 20:00 horas)
 - Lugar: Estadio universitario de atletismo da Universidade



de Santiago de Compostela
Avda. Novoa Santos, s/n, Campus sur
1782 Santiago de Compostela

DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA ACCEDER Á RELIZACIÓN
DO TERCEIRO EXERCICIO:

- A. DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- B. Informe médico en que se faga constar expresamente que a persoa aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos deste proceso. Este informe médico deberá ser expedido dentro dos 15 días inmediatamente anteriores ao día 11 de maio de 2024.

Ou

Declaración responsable debidamente cuberta
(https://agasp.xunta.gal/sites/w_agasp/files/declaracion_responsable.pdf)

- C. 4 imperdibles para suxeitar o dorsal.

As persoas aspirantes que non se presenten ás probas, ou non acudan coa documentación relatada con anterioridade, non poderán realizar as probas físicas e decaerán de todos os seus dereitos no proceso selectivo.

As probas de aptitude física realizaranse pola orde relacionada nas bases e cada un deles é eliminatorio para realizar o seguinte.

Na proba de resistencia xeral as persoas aspirantes dispoñen dunha soa posibilidade de execución.



Na proba de potencia tren inferior (salto vertical) permitirase unha segunda realización cando na primeira non se obteña a cualificación de apto/a.

As repeticións terán lugar asegurándose que medien en todo caso entre o primeiro e o segundo intento un descanso mínimo de 5 minutos.

A non superación de calquera das probas na forma indicada dará lugar á eliminación da persoa aspirante.

Unha vez efectuado o chamamento as persoas aspirantes seguirán en todo momento as indicacións do Tribunal e do persoal colaborador. O incumprimento do cumprimento das ditas instrucións suporá a exclusión da persoa aspirante do proceso.

4. Este Tribunal encomenda ao servizo de coordinación, planificación e selección da AGASP á realización das listaxes e quendas de chamamento conforme a listaxe que figura como anexo I desta Resolución así como a súa publicación na páxina web da Agasp.

<https://agasp.xunta.gal/gl/proceso-selectivo-auxiliar-policia-local>

5. Tal e como establecen a orde de convocatoria deste proceso na base 5.9, os acordos adoptados polo tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro

Na data da sinatura electrónica

A Presidenta do Tribunal

Maria Rey Rivera

